

## ***Acta da Comisión Permanente do día 24 de marzo de 2010***

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 24/03/2010.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 24/03/2010.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados.
- IV. Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión o 24 de marzo de 2010 ás 10 horas e 39 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 18 de febreiro de 2010.**

A Comisión aproba por asentimento a acta da sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2010.

### **2. Aprobación, se procede, de validación/adaptación de materias.**

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

### **3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.**

A Comisión acorda aprobar os títulos e tribunais de proxecto fin de carreira que se relacionan no anexo III.

### **4. Concesión se procede de 7ª convocatoria aos alumnos que a solicitaron.**

Ao non terse presentado ningunha solicitude, pásase ao seguinte punto da orde do día.

## 5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

En relación ao "XV Curso de Sondeos", a celebrar en Linares (Jaén) en abril deste ano, a Comisión acorda concederlle un recoñecemento de 1,5 créditos de libre elección.

En relación ás visitas ao Parque Mineiro de Almadén (Ciudad Real) e ao Museo do Instituto Xeolóxico e Mineiro (Madrid) que se realizarán en abril deste ano, coincidindo co XV Curso de Sondeos antes citado, a Comisión acorda, á vista da memoria presentada, o seu recoñecemento por 1,5 créditos de libre elección.

## 6. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de Avaliación Curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.

A Comisión acorda admitir a trámite as seguintes solicitudes de avaliación curricular:

ALUMNO	MATERIA	ÁREA AFECTADA
	Automática I	Enxeñaría de sistemas e automática
	Cálculo III	Matemática aplicada
	Prospección e avaliación de recursos I	Prospección e investigación mineira
	Máquinas eléctricas	Enxeñaría eléctrica
	Xeración eléctrica	Enxeñaría eléctrica
	Electrificación e tracción eléctrica das minas	Enxeñaría eléctrica
	Estruturas e construcións mineiras	Mecánica dos medios continuos e teoría de estruturas
	Termodinámica	Máquinas e motores térmicos
	Laboreo e explosivos	Explotación de minas

Para xulgar estas avaliacións curriculares noméanse aos seguintes profesores:

ÁREA	PROFESOR
<u>Titular</u> : Física Aplicada <u>Suplente</u> : Expresión gráfica	<u>Titular</u> : Don Benito Vázquez Dorrio <u>Suplente</u> : Don Elena González Rodríguez
<u>Titular</u> : Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica <u>Suplente</u> : Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	<u>Titular</u> : Dona Marta Cabeza Simó <u>Suplente</u> : Dona Carmen Pérez Pérez
<u>Titular</u> : Tecnoloxía do medio ambiente <u>Suplente</u> : Explotación de Minas	<u>Titular</u> : Don Rafael Barrionuevo <u>Suplente</u> : Dona Elena Alonso Prieto
<u>Titular</u> : Física Aplicada <u>Suplente</u> : Máquinas e Motores Térmicos	<u>Titular</u> : Don Julia Serra Rodríguez <u>Suplente</u> : Don Jose Fernandez Seara

Se algunha das áreas anteriores fora afectada, o membro correspondente sería substituído polos seguintes suplentes:

	ÁREA	PROFESOR
Primeiro suplente	Explotación de Minas	Don Fernando Garcia Bastante
Segundo suplente	Estratigrafía	Don José Bienvenido Díez Ferrer

Ademais destes membros, formarán parte da Comisión de Avaliación Curricular o profesor nomeado pola área afectada e o alumno nomeado polo solicitante.

## 7. Rolda aberta de intervencións.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, vinte e catro de marzo de dous mil dez.

Vº e prace

O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 24/03/2010**

## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 24/03/2010**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 24 de marzo de 2010</b>
<b>Presidente da Comisión</b>
Pedro Arias Sánchez
<b>Secretario</b>
Enrique Granada Álvarez
<b>Subdirector</b>
José Benito Vázquez Dorrío
<b>Profesorado</b>
Celestino Ordóñez Galán
Fernando Cerdeira Pérez
<b>Alumnos</b>
Manuel Alejandro González Fernández
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

## ANEXO III

### Títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira aprobados

## ANEXO IV

### Documentación referente ás solicitudes de validación de actividades por créditos de libre elección